	informacións procedentes de ilustracións.	comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	maneira xeral, a información de ilustracións.		CSC CSIEE CMCT	(anecdótico e lista control)		
a b e	B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.  B2.6. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.	B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.	IDEM	CCL CAA	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º
			LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.	Le textos sinxelos en voz alta acadando progresivamente a velocidade axeitada.	CCL	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	3,9	2º
			LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.	IDEM	CCL CSC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	3º
a b e i	B2.7. Introducción ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de	LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	IDEM	CCL CAA CSC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	3º
			LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da	IDEM	CCL CAA CSC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º

		busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos			e lista control)		
a b e	B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.	B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.	CCL CAA CSC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
a b e o	B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.	B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	Amosa interese pola lectura como fonte de lecer.	CCL CAA CSC CCEC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
a b e m o	B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.	B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.	IDEM	CCL	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	3º
LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.			IDEM	CCL CSC CAA CSIEE	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	3º	
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</b>								

a b e o	<p>B3.1. Producción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p> <p>B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.</p> <p>B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información</p>	<p>B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</p>	<p>LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p>	<p>Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos con un guión previo.</p>	<p>CCL CSIEE CAA</p>	<p>Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>	<p>3,9</p>	<p>1º,2º,3º</p>
			<p>LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p>	<p>Elabora o texto, con coherencia.</p>	<p>CCL CAA CSIEE</p>	<p>Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>	<p>1</p>	<p>2º,3º</p>
			<p>LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.</p>	<p>Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos e iniciase no uso da coma e no signo de interrogación.</p>	<p>CCL</p>	<p>Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>	<p>1</p>	<p>3º</p>
			<p>LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p>	<p>Aplica algunha regra ortográfica, con especial atención o uso das maiúsculas.</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>	<p>Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>	<p>1</p>	<p>3º</p>
			<p>LGB3.1.5. Compón,</p>	<p>Compón, seguindo</p>	<p>CCL</p>	<p>Proba</p>	<p>1</p>	<p>1º,2º,3º</p>

	<p>(cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais).</p> <p>B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.</p> <p>B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>		<p>segundo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.</p>	<p>medelos, textos relacionados coa escola (listaxes), ou cos medios de comunicación social ( titulares e pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.</p>	<p>CAA CSIEE</p>	<p>obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>		
<p>a b e j o</p>	<p>B3.6. Creación textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios.</p>	<p>CCL CSC CCEC CAA CSIEE</p>	<p>Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>	<p>1</p>	<p>3º</p>
<p>b d e i j</p>	<p>B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.</p>	<p>B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>	<p>LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>	<p>IDEM</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p>	<p>Observación sistemática (anecdótico e lista control)</p>	<p>1</p>	<p>3º</p>



b e i j	B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.	B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	IDEM	CCL CD CSIEE	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
a b e i	B3.9. Interese polo coidado e a presentación textos escritos e respecto norma ortográfica.  B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	B3.5. Presentar adecuadamente e os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel e limpeza.	CCL CD CAA	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	3,9	2º,3º
			LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.		CCL CSC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>								
e	B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados;	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar	LGB4.1.1. Señala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	IDEM	CCL CAA	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	2º,3º
			LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra.		CCL CAA	Proba obxectiva Observación sistemática	1	1º

	enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.	o seu coñecemento no uso da lingua.				(anecdótico e lista control)		
	B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.		LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	Identifica nomes propios e iniciase na de nomes comúns a partir de palabras dadas e frases.	CCL CAA	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	3,9	1º
			LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	Sinala o xénero e número de algunhas palabras.	CCLCAA	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	3,9	1º
b e	B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor e necesidade de cingirse.	Coñece e esforzase por aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	CCL CSC CCEC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	3º
e	B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.	B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	IDEM	CCL CAA	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º
	B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da	para a	LGB4.3.2. Identifica as palabras como	IDEM	CCL CAA	Proba obxectiva	1	2º,3º

	escritura.	segmentación da escritura.	instrumento para a segmentación da escritura.			Observación sistemática (anecdótico e lista control)		
a d e h m	B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	Iniciase no recoñecemento entre lingua oral e lingua escrita.	CCL CCEC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	2º
a d e h m	B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	IDEM	CCL CAA	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	2º,3º
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>								
b d e o	B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando	B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando	Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos.	CCL CAA CCEC	Proba obxectiva Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	2º,3º

	modelos.  B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.		modelos  LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	IDEM	CCL CCEC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
b d e i	B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	Le de forma guiada, pequenos textos, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora	CCL CCEC CD	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	3º
			LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	IDEM	CCL CCEC CD	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	3,9	1º,2º,3º
b e	B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións,	B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos	LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar	Recrea relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados.	CCL CCEC CSC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º

	preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	sinxelos dados.	sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.					
b d e	B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	IDEM	CCL	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
a d e o	B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.	IDEM	CCL CSC CCEC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º
a d e o	B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas	B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	IDEM	CCL CCEC	Observación sistemática (anecdótico e lista control)	1	1º,2º,3º

	serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.								
--	---------------------------------------------------------------------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--

## 4. METODOLOXÍA DE APRENDIZAXE

En base ó disposto no *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, pretendendo con isto favorecer o desenvolvemento das competencias clave e o logro dos obxectivos.

Para asegurar unha aprendizaxe significativa debemos basearnos nos coñecementos previos do alumnado e contextualizar a súa aprendizaxe nun entorno familiar, favorecendo ademais a súa autonomía e centrándonos en dar resposta ós seus interrogantes, atendendo con isto ós seus intereses e favorecendo a súa motivación.

En coherencia co exposto, os principios metodolóxicos que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- ✓ **Metodoloxía activa:** Propiciando unha integración activa do alumnado na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes; participando no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ **Metodoloxía motivadora:** Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas do alumnado. Tamén será importante fomentar o traballo en grupo.
- ✓ **Metodoloxía encamiñada a fomentar autonomía na aprendizaxe:** Preténdese con isto que os/as alumnos/as cheguen a un “saber facer” por si mesmos, a través de actividades gradadas e estruturadas que poidan desenvolver de forma autónoma.
- ✓ **Metodoloxía pendente da atención á diversidade:** Para ter en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, así como os seus intereses e motivacións.
- ✓ **Metodoloxía que fomente a educación en valores:** Presentando actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, á conservación da natureza e a convivencia.

Tendo en conta o decreto 105/2014, as aprendizaxes estarán enfocadas á potenciación das competencias clave. Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as actividades que se levarán a cabo para desenvolverlas e a súa avaliación, estarán adaptadas a este feito e serán contextualizadas no entorno próximo do alumnado e integradas, incluíndo elementos curriculares de distintos bloques e materias.

Ó longo deste curso, contribuiremos ó desenvolvemento das sete competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias social e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Ademais, acordamos para cada unha das áreas o seguinte proceder:

**Lingua Castelá: metodoloxía xeral da área**

A metodoloxía versará arredor de :

- **Saber comprender.** Para desenvolver as diferentes destrezas que interveñen na comprensión de toda clase de textos.
- **Saber expresarse oralmente e por escrito.** Para conseguir un rendemento óptimo dos alumnos na elaboración, comunicación e aplicación das súas aprendizaxes.

É imprescindible proporcionar aos alumnos contextos comunicativos significativos, ricos e variados, que lles proporcionen puntos de partida motivadores para adestrar e desenvolver as súas capacidades comunicativas.

Poñerase en práctica un programa sistemático de comprensión lectora, no que se aborden todas as estratexias necesarias para unha lectura eficaz.

Daráselle un carácter práctico e enfoque competencial ás tarefas para que as aprendizaxes lingüísticas (gramaticais, ortográficos) se aproximen á realidade dos alumnos e estean ao servizo da competencia comunicativa.

Planifícanse programas específicos para o desenvolvemento da expresión oral e a expresión escrita, a partir de modelos textuais en distintos soportes.

Crearase un proxecto flexible que permita a adaptación aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Plantexamento de actividades con distintos niveis de dificultade, actividades para a excelencia, propostas que permiten traballar a creatividade, etc

No tocante ao proceso de aprendizaxe da lectoescritura, interéсанos fundamentalmente que os nenos e nenas lean e que a lectura sexa comprensiva para el, e non mecánica, isto é que teña un significado desde o principio. Polo que teremos en conta o seguinte:

- Traballo sobre textos suxerentes e variados, seleccionados segundo o desenvolvemento madurativo e lingüístico do alumnado.
- Carácter práctico e enfoque competencial das tarefas de xeito que se aproximen á realidade dos alumnos e estean ao servizo da competencia comunicativa.
- Plantexamento de actividades con diferentes niveis de dificultade, actividades para a excelencia, que permitan desenvolver a creatividade, etc.
- O vocabulario a traballar debe ter importancia para o alumnado: o seu nome, o dos compañeiros, o da familia, o dos seus intereses, etc.



- O traballo sobre un texto comezará polas actividades de comprensión e terminará coas de produción. Traballaremos actividades de comprensión como extraer as ideas máis importantes dun texto. Tamén realizaremos actividades de produción dirixidas como completar, transformar o texto, inventar outro final, ordenar frases para construír un texto, etc.
- Puntuación. A súa finalidade é facer ver a importancia dunha correcta puntuación para facerse entender con claridade nos seus escritos. Polo que trataremos a puntuación na clase sempre que sexa necesario, graduando a dificultade dos exercicios (engadir só as comas que faltan, engadir só os puntos...). Os textos para completar deben ser breves.

Algúns exercicios son do tipo:

- Ler en voz alta un texto e poñer especial atención en reproducir o significado de cada signo de puntuación.
- Establecer unha clasificación dos signos segundo a función que realicen.
- Puntuar un texto segundo a entoación que lle dea o mestre.

O alumnado debe aprender progresivamente cales son as convencións sociais relacionadas coa expresión oral e escrita: escribir con caligrafía lexible, respectar as marxes, non interromper ao que fala, mirar ao interlocutor.

### Recursos para traballar o texto oral

Para a adquisición e desenvolvemento da linguaxe oral propoñemos os seguintes principios de intervención educativa para intentar corrixir o desequilibrio lingüístico:

- Integrar as experiencias do alumnado nas situacións de aprendizaxe que se produzan na aula.
- Favorecer un ambiente de liberdade e espontaneidade, que lle axude a comunicarse.
- Fomentar as actividades que consistan en xogos verbais, semánticos e sintácticos: canto, mímica, debuxo...

### **Matemáticas: Metodoloxía xeral da área**

Os tres eixes que articulan os contidos de Matemáticas son os seguintes:

- Os algoritmos de cálculo e os conceptos e linguaxes matemáticos (números, xeometría, medida...) como habilidades básicas de pensamento que constitúen o punto de partida doutras aprendizaxes máis complexas.

- A resolución de problemas como aspecto fundamental para a construción do pensamento lóxico-formal.
- O tratamento da información que permitirá localizar, seleccionar, comprender, organizar e interpretar datos.

As estratexias metodolóxicas xerais que orientarán o noso traballo serán:

- Aplicar os coñecementos matemáticos en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá.
- Construír coñecementos cada vez máis complexos a partires das experiencias e os coñecementos previos.
- Utilizar os procesos de resolución de problemas como fonte e soporte principal da aprendizaxe.
- A introdución de calquera concepto realizarase de maneira manipulativa.
- Realizaremos cálculo en diferentes contextos como o xogo, situacións problemáticas...
- Utilizaremos diferentes recursos para calcular.
- Recursos para traballar o cálculo: regletas, ábaco, dominó, tablas de sumar, restar e multiplicar, policubos, escarvantes, regras, tapóns...
- As magnitudes de medida de lonxitude: nun principio, utilizarán medidas corporais: medir obxectos da clase coas mans, con pasos; para logo facelo con instrumentos de medida estándar, proporcionaremoslles a cinta métrica e a regra graduada, para medir cousas familiares.
- As magnitudes de masa: para aprender as unidades de peso/masa comezaremos en primeiro lugar coas medidas corporais: sopesar coas dúas mans algún obxecto e comparar. Mais tarde utilizaremos a balanza.
- As magnitudes de capacidade: para medir a capacidade dun obxecto ou o volume dun corpo podemos facer comparacións como: onde hai mais agua... Despois introduciremos os vasos graduados: 1 litro,  $1/2$  l.,  $1/4$  l., ...
- A magnitude do tempo: introduciremos as horas e medias horas utilizando reloxos analóxicos e feitos concretos da vida cotiá dos alumnos como a entrada e saída da escola, a hora do recreo... Traballaremos tamén os ciclos temporais de día, semana e mes. Marcaremos no calendario da clase datas clave da vida cotiá da aula.
- Sistema monetario: con billetes de papel, moedas de xoguete para manipular na clase e realizar xogos nos que teñan que ir de compras.

## **Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza**

O coñecemento do medio debe sustentarse na acción dos nenos sobre o seu entorno máis próximo a partir da experiencia. Consideramos que é moi importante partir da realidade do alumnado, do que pasa na súa familia, na súa aldea, vila, etc.

Desde a práctica docente, o obxectivo principal que propoñemos é espertar unha conciencia ecolóxica no alumnado que lles leve a coidar e respectar o medio ambiente así como aprender os contidos das áreas de maneira práctica. Para isto utilizaremos unha serie de estratexias relacionadas coas áreas das ciencias para desenvolver os diferentes proxectos que se leven a cabo:

- Elaboración de experimentos: A través da práctica, o alumno familiarízase co entorno que o rodea e con estas experiencias, comprenderá mellor os conceptos teóricos.
- Experiencias fóra do centro: as saídas fóra da escola, a parte de romper coa monotonía das clases permiten un contacto directo coa natureza e unha posta en práctica do que aprenderon na clase. Outras veces, a saída e fonte de motivación para comezar unha nova unidade de traballo. (Dependendo da situación dada no momento da saída, farémolo só os do grupo clase, sen empregar ningún medio de transporte)

### **Ciencias da Natureza: Metodoloxía xeral da área**

As estratexias metodolóxicas xerais que orientarán o noso traballo nesta área serán:

- Selección rigorosa de contidos.
- Exposición clara e ordenada de contidos.
- Utilización de medios audiovisuais para presentar e tratar a información.
- Uso dunha linguaxe clara e adaptada ao nivel dos alumnos.
- Enfoque didáctico baseado na aprendizaxe competencial.
- Aplicación práctica das aprendizaxes en situacións de resolución de problemas da vida cotiá.

### **Ciencias Sociais: Metodoloxía xeral da área**

Nesta área trabállanse todos os aspectos que permiten aos alumnos aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva.

Empregaremos as seguintes orientacións metodolóxicas:

A valoración do esforzo como elemento esencial do proceso de aprendizaxe.

O avance na responsabilidade progresiva no estudo e no desenvolvemento de actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

O uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na aprendizaxe, para obter información e mais para presentala.

### **Educación Plástica**

A linguaxe artística neste nivel adquire unha importancia fundamental na formación integral dos nenos e nenas. Constitúen unha fonte orixinal e creativa para expresar, representar e recrear a realidade.

A exploración, coñecemento e utilización de materiais específicos e inespecíficos para a expresión artística é unha ferramenta básica para a área. Canto máis ampla sexa a variedade, máis ricas, motivadoras e estimulantes para o alumnado serán as actividades que deseñemos. Consideramos moi interesante a reutilización e reciclado de materiais.

### **Metodoloxía xeral da área**

Os aspectos metodolóxicos que presiden o noso traballo nesta área son:

- Os aspectos sociais e organizativos que aporta o traballo artístico en grupo no que se fai imprescindible a implicación e a colaboración de todos.
- Uso dunha gran variedade de modelos visuais para a análise e a expresión, tomando como referencia diferentes manifestacións e estilos artísticos, tanto clásicos como actuais.

## **5. AVALIACIÓN**

Na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese que a avaliación constitúe unha parte esencial do proceso de ensino e aprendizaxe. Polo tanto, deberá ser un proceso incluído na actividade ordinaria da aula e do centro e constituír un referente para valorar o progreso do alumnado e o proceso educativo. Ademais, a avaliación constituirá o noso punto de referencia para determinar a adopción de medidas de atención á diversidade. No artigo 2 de dita orde establécense os seguintes aspectos:

1. A avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.
3. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

## **AVALIACIÓN INICIAL**

No primeiro mes de clase levarase a cabo unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe

Para levar a cabo dita avaliación utilizaremos instrumentos como:

- **Entrevista inicial coas familias:** Onde se recolle toda aquela información acerca do alumnos/as que só a súa familia nos pode proporcionar: enfermidades, alerxias, costumes, hábitos, relacións...
- **Observación directa:** As mestras observarán como se relaciona cada neno/a, tanto cos adultos coma cos/as outros/as nenos/as, cos obxectos, cos espazos... Detéctanse os coñecementos previos do alumnado así como aquelas situacións que lles resultan máis problemáticas.
- **Proba inicial:** Consistirá nunha proba obxectiva para observar se teñen adquiridos os obxectivos básicos do nivel anterior nas diversas áreas.

## **AVALIACIÓN CONTINUA**

Ó longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua que nos permita comprobar se se están acadando os obxectivos traballados e as dificultades que se presentan, para adaptar as actividades a levar a cabo. Os procedementos de avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Que incluírá a observación do desenvolvemento dos/as alumnos/as ó longo do curso, das súas relacións entre iguais e cos adultos, do desenvolvemento e autonomía do seu traballo, das súas producións, etc. Esta observación sistemática avaliarase utilizando como instrumentos unha escala de valoración que incluírá todos os estándares a recoñecer en cada trimestre e un anecdotario, que nos permitirá matizar a avaliación feita a través da escala de valoración.
- **Probas obxectivas:** Naqueles estándares que así o permitan e se considere pertinente, utilizarase unha proba obxectiva na que observaremos o nivel de logro final acadado polo alumnado para cada estándar.

## **AVALIACIÓN FINAL**

A avaliación final será a media aritmética da cualificación obtida nas tres avaliacións, calculada como a media ponderada dos estándares de aprendizaxe en función daqueles considerados como prioritarios a nivel do centro educativo.

No segundo curso de primaria, de acordo co recollido nos criterios de promoción do centro, o alumnado o equipo docente en consenso decidira sobre a promoción ou non do alumnado.

## CUALIFICACIÓNS

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas; coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA.

Aqueles estándares que levan como instrumentos asociados, indicados nas táboas do apartado 3, o anecdotario e a lista control, terán un 100% da súa cualificación asociada ó procedemento de observación sistemática.

Aqueles estándares que levan ademais asociada unha proba obxectiva, indicada no apartado 3, terán a cualificación repartida nun 60% para a observación sistemática e un 40% para a proba obxectiva.

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao longo de todo decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, dáse unha gran importancia á atención á diversidade, aparecendo referencias continuas ao seu tratamento. Recollemos de maneira especial dous dos principios metodolóxicos citados nel (capítulo 3, artigo 15)

“1. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.!

“3. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.”

Na nosa práctica diaria nas aulas poñeremos en práctica tanto medidas ordinarias coma extraordinarias, para dar resposta á atención á diversidade.

### 6.1. Medidas ordinarias:

Dividiremos as medidas adoptadas en organizativas e curriculares:

- Organizativas:
  - Horario: Agruparemos materias de tal xeito que o alumnado que o precise dispoña dun tempo maior para rematar as tarefas propostas.
  - Traballo en equipo
  - Materiais didácticos
  - Apoio por parte doutros mestres (non especialistas): dispoñemos de 3 apoios semanais en cada aula para poder traballar dunha maneira máis individualizada
- Curriculares:
  - Tutoría entre iguais

- Traballo por proxectos.
- Desdobres entre grupos do mesmo nivel E.F/Reforzo Educativo.
- Programas de reforzo para alumnado que non superou algunha materia: Neste momento non temos na nosa aula ningún neno/a que cumpra as condicións para precisalo
- Actividades de ampliación

## 6.2. Medidas extraordinarias

Dividiremos as medidas adoptadas en organizativas e curriculares:

- **Organizativas:**

Durante este curso 8 nenos/as das nosas aulas están a recibir apoio por parte de profesorado especialista en AL. saíndo da clase 2 medias sesións semanais. Este alumnado está pendente dunha nova avaliación por parte da especialista.

1 alumno asiste a PT e outros 2 están pendentes de decidir se van asistir a PT este curso.

- **Curriculares.:**

Neste curso non hai ningún alumno/a con ACS.

## 7. PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

- **PLAN LECTOR**
- **PLAN TIC**
- **PLAN DE CONVIVENCIA**
- **PLAN LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

As actividades que levaremos a cabo neste curso nos diferentes plans e proxectos, nos que participa o centro, serán aquelas que aparecen concretadas en ditos proxectos e se correspondan cos obxectivos e competencias establecidas para este nivel.

## 8. RECURSOS

Os materias e recursos didácticos utilizados serán, entre outros, os seguintes:

- ✓ Material manipulativo elaborado polas mestras
- ✓ Material manipulativo comercial (bloques lóxicos, regretas, xeoplano, etc.)
- ✓ Fichas de elaboración propia para diferentes contidos
- ✓ Material funxible (lapiseiros, libretas, rotuladores, arxila, plastilina, etc.)
- ✓ Material tecnolóxico (ordenador, tablet, teléfono móbil, cámara fotográfica, encerado dixital, programas informáticos, redes sociais, etc.)
- ✓ Libros de texto
- ✓ Libros de lectura (contos, libros de investigación, guías, etc.)

Como recursos persoais contaremos, ademais das titoras e especialistas que imparten docencia na aula:

- ✓ Profesorado do centro
- ✓ Persoal de servizos

## **9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Dada a situación sanitaria actual, as actividades complementarias e extraescolares irán organizándose en función da situación vivida no momento de elaboralas..

## **10. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Tendo como referencia legislativa a ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria Comunidade Autónoma de Galicia, na que se inclúe a avaliación da práctica e o proceso de aprendizaxe avaliaremos todos os aspectos incluídos na programación:

- ✓ Comprobar que os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación se adecúan ao previsto e as características do noso alumnado.
- ✓ Se os procedementos, instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación e as medidas de atención á diversidade foron os axeitados.
- ✓ Se a organización da aula prevista e o desenvolvemento da programación foron adecuadas.
- ✓ Se contribuímos ao logro dos diferentes plans, aproveitamento dos recursos do centro, etc.

Utilizaremos reunións , sesións de avaliación, comisión de coordinación pedagóxica e claustros para avaliar a propia programación. O modelo a empregar é o que vén de seguido:



AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4	PROPOSTAS DE MELLORA
Coherencia na relación entre todos os elementos da programación					
Contribución dos contidos ao desenvolvemento dos obxectivos xerais					
Contribución da metodoloxía aplicada á adquisición das aprendizaxes previstas					
Correspondencia entre os obxectivos fixados e os conseguidos.					
Coherencia entre os criterios de avaliación e os obxectivos e contidos da programación					
Valoración dos recursos en relación ás necesidades da programación					
Adecuación das medidas de atención á diversidade					
Coordinación entre os profesores e profesoras do equipo docente					
Correspondencia entre a planificación de plans e proxectos e as actividades realizadas.					
Plan lingüístico					
Plan TIC					
Plan lector					
PDI					
Plan de convivencia					

- 1- Nada
- 2- Pouco
- 3- Bastante
- 4- Moito

